

# **POLÍTICAS CULTURAIS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO: ALGUNHAS ANOTACIÓNS SOBRE A SITUACIÓN GALEGA<sup>1</sup>**

**Xan Bouzada Fernández**

*Universidade de Vigo  
Departamento de Socioloxía*

**Resumo:** *Este artigo analiza a crecente proximidade entre os obxectivos e os contidos das políticas culturais e os intereses socioeconómicos, desde distintas dimensións, esencialmente, o impacto económico e laboral dos investimentos públicos no sector cultural e os contidos reguladores das políticas culturais. O traballo examina tamén os efectos na relación entre cultura e economía de fenómenos como a rexionalización das políticas culturais ou a emerxencia das cidades en tanto que actores culturais. O obxectivo é pór en relación o incremento progresivo das axudas económicas ao sector cultural por parte das institucións públicas durante os últimos anos co aumento do impacto social, económico e laboral das mesmas. A evidencia empírica presentada demostra un incremento continuo tanto dos obxectivos definidos polas distintas institucións públicas da cultura como dos recursos públicos destinados ao seu logro. Tamén se verifica nos últimos anos unha evolución da concepción dos fins culturais, que debeñen un elemento máis do desenvolvemento socioeconómico das distintas colectividades.*

**Palabras chave:** *Políticas culturais, desenvolvemento socioeconómico, Galicia, rexionalización, cidades.*

**Abstract:** *This article analyzes the increasing closeness between, on the one hand, objectives and contents of cultural policies, and, on the other, socioeconomic interests, focusing on the employment and economic impact of public expenditures on the cultural field as well as on regulatory aspects of cultural policies. Moreover, it examines how phenomena as regionalization of cultural policies or the emergence of cities as cultural actors make an impact on the relationship between culture and economy. The main objective is to link the sustained growing up of economic aids from public institutions to the cultural sector during the last years and the rise of their impact in social, economic and employment terms. The empirical evidence presented shows a continuous broadening of the array of objectives defined by cultural public administrations as well as the amount of public resources allocated to them. In addition, the article highlights the change in the perceived nature of cultural aims, which are now regarded as a further component of the socioeconomic development of any collectivity.*

**Key words:** *Cultural policies, socioeconomic development, Galicia, regionalization, cities.*

## 1. INTRODUCCIÓN

No presente traballo propomos unha reflexión acerca da crecente aproximación entre os obxectivos e contidos das políticas culturais respecto de preocupacións e centros de interese socioeconómicos. Esta reflexión establécese en concordancia co argumentario de Throsby (2001:153-168) cando afirma que as políticas culturais efectivas constitúen un ámbito privilexiado para observar a relación existente entre cultura e economía. Se desde un punto de vista cualitativo, os obxetivos e contidos das políticas culturais están a poñer en evidencia a existencia dunha relación significativa entrambas, co mesmo rigor pode tamén constatarase como a tendencia a incrementar os orzamentos investidos neste campo por parte das administracións públicas está a sulñar tamén o seu crecente impacto económico e laboral coma tal subsector específico da actividade cultural.

En virtude delo, este achegamento tería, na nosa opinión, varias dimensións: a primeira delas amosaría un carácter xenuíno e se concretaría, en congruencia co xa apuntado, no significativo impacto económico e laboral duns investimentos públicos no sector que cada vez evidencian unha maior intensidade e consistencia. Simultaneamente, os cometidos reguladores das políticas culturais están a asumir o compromiso de apoiar a industria cultural existente, ao tempo que promoven a creación doutros novos, a través de iniciativas diferentes, entre as cales as subvencións á produción editorial ou o apoio ao sector audiovisual pola vía institucional da promoción das televisións públicas, ou outras, constitúen claros exemplos. As políticas culturais incorporaron durante as dúas últimas décadas unha aposta dirixida a ampliar os seus contidos, a cal estivo fundamentada na afirmación e lexitimación dunha acción dirixida cara ao logro de obxectivos complementarios orientados ao desenvolvemento económico, urbano, turístico ou social. A partir desta orde de constatacións, no presente artigo

estableceremos un primeiro achegamento para coñecer os obxetivos orientadores das políticas institucionais galegas neste sector, así como intentaremos mostrar o incremento progresivo dunhas dotacións que evidencian a realización dun crecente *esforzo* cultural durante os últimos anos por parte das institucións públicas, o cal ten acontecido en paralelo co aumento do seu impacto social, económico e laboral.

## 2. POLÍTICAS CULTURAIS E DIMENSIÓN ECONÓMICA DA CULTURA. OS ITINERARIOS DAS POLÍTICAS CULTURAIS: DA VERTEBRACIÓN DEMOCRÁTICA DA NACIÓN Á AFIRMACIÓN DAS CULTURAS E IDENTIDADES LOCAIS

Xeralmente, adoitouse recoñecer (Urfalino, 1996) que o momento fundacional das políticas culturais foi aquel no cal se fraguou a nivel institucional a vontade política de converter a acción pública de carácter cultural nun dos labores centrais do Estado. De acordo con esta perspectiva, podemos afirmar que tanto a creación do Arts Council en 1946, no Reino Unido, como a azarosa institucionalización dun Ministerio de Cultura, encomendado a André Malraux, na Francia de De Gaulle, constitúen fitos centrais de relevancia nunca discutida. Non obstante, non quedaría na nosa opinión completa a nómina de experiencias dos nacementos culturais se nela non incluísemos unha que, por designio da Historia, vería pronto crebadas as súas ás, a pesar de constituír unha aposta concienciada e moi significativa da vontade de construír a nación desde unha profunda inspiración democrática. Referímonos á experiencia cultural da Segunda República española (Holguín, 2003). Os tres exemplos aos que aludimos teñen en común o feito de se ter ido fraguando, dun modo secuencial, ao longo de tres décadas, entre 1931 e 1959. Tomaron corpo desde un impulso de vertebración cívica e democrática, e os casos citados estes estiveron apoiados no alento humanista e rexe-

nerador de colectivos e grupos ideolóxicos vocacionados por un proxecto de transformación dirixido a promover un cambio social de matriz cultural. O *Estado Cultural* que xermina nese momento apostaba, nos seus inicios, pola asunción da cultura como unha ferramenta imprescindible na xénese do cambio político e social. Tanto os membros e aíns á Institución Libre de Enseñanza –que se encargaría de promover en España o pioneiro esforzo das coñecidas Misións Pedagóxicas– como o Grupo de Bloomsbury, que propiciaría o nacemento do Arts Council, ou aínda o colectivo de antigos compañeiros da resistencia e a militancia antifascista nos que inicialmente se apoiou Malraux, todos eles, consideraban que a cultura e a arte eran contidos esenciais no labor humanista rexenerador da nova sociedade democrática pola que apostaban de modo decidido. Para todos eles, a cultura era o alento que outorgaba sentido ao presente, vertebrando o colectivo, e ao futuro, propiciando coa súa intuición creadora a función de quilla civilizatoria<sup>2</sup>. Sen que o que a continuación digamos teña que entenderse dun modo literal (a experiencia da Segunda República, por exemplo, requiriría bastantes matizacións), cremos poder constatar o feito de que, desde os seus inicios recentes, o *campo cultural* constituíu un terreo no que se manifestaron evidentes friccións, derivadas dos distintos modos posibles de entender a Acción Cultural por parte dos axentes implicados no proceso. Por unha banda, nos atopamos con aqueles que apostan pola cultura na súa calidade máis xenuína e excelente, instalándose con certa comodidade en modelos centralizados e elitistas, que optaron por redimirse co recurso á *difusión* (“democratización cultural”) como estratexia lexitimadora. Doutra banda, atopámonos cunha opción que aposta por subliñar a dimensión múltiple e diversa das culturas. Estoutra mirada, que propende a recoñecer a diferenza e a procurar a mediación, pon en suspenso as virtualidades catárticas derivables dunha difusión impregnadora da cultura-exce-

lencia para ocuparse máis polo contido antropolóxico e social das diferentes formas da cultura. No seu labor aspira a ampliar o horizonte do cultural e do artístico, permitindo o acceso do periférico á mesa da arte e da cultura. Esta segunda mirada tende a interesarse máis pola estratexia horizontal da *participación* e menos pola verticalidade carismática da difusión (“democracia cultural”). Tal dilema, non sempre nin necesariamente exposto dun modo cruento<sup>3</sup>, veu tensionando e iluminando o ámbito práctico das políticas e estratexias da acción cultural ao longo de varias décadas.

Mentres unha das liñas apostaba pola verticalidade, co seu cénit nodal na pulsión dunha excelencia mediada pola entronización das prácticas culturais de prestixio, a segunda optaba por unha maior apertura e unha clara horizontalidade dos modelos. Apoiándose nesta última tendencia, a aposta descentralizadora iría tomando corpo progresivamente a partir de 1970 ou máis concretamente, se se prefire, a partir xa de finais dos anos sesenta. Acontecendo todo isto en paralelo coa urxencia dunha sociedade civil cada vez máis sensible e consciente do lugar que podería e debería ocupar no desenvolvemento do quefacer público.

### 3. A REXIONALIZACIÓN DAS POLÍTICAS CULTURAIS E A ECLOSIÓN DOS OBXECTIVOS SOCIOECONÓMICOS

Podemos afirmar que a xeneralización da tendencia cara á descentralización das competencias rexionais, que foi tomando corpo a medida que avanzaban as décadas dos setenta e oitenta do pasado século, tivo un impacto directo no modo de entender o alcance da acción pública no ámbito cultural. A aproximación da xestión cultural ao territorio parece favorecer a súa secularización a través dun crecente pragmatismo, non só no modo de entendermos os seus obxectivos, senón tamén no que respecta aos criterios de avaliación e ás esixencias crecentes de rendibilidade social demandadas ao sector.

Este proceso de redefinición dos modos de interpretar a acción cultural, recoñecido desde os primeiros momentos polo Consello de Europa (1976), estaría chamado a irse plasmando nos diferentes países europeos: Francia, Reino Unido, Alemaña, España..., con matices e ritmos heteroxéneos. En Francia, os últimos anos da década dos sesenta estiveron marcados pola revisión do modelo de desconcentración departamental que marcara a política cultural de André Malraux. As solemnes casas da cultura situadas nas principais capitais de provincias foron criticadas polo seu elitismo, propoñéndose revisións que potenciasen as formas de expresión cultural populares e periféricas. Os anos setenta en Francia, como no Reino Unido, van ser xa portadores dun impulso rexionalizador de intensidade variable que tenderá a disolver o carácter central e nacional das culturas e identidades. Respecto dese proceso os casos de España e Alemaña presentan, certamente, algúns matices diferenciais. Ambos os dous países, aínda que cunha distancia temporal de tres décadas, tras abandonar un réxime político nacionalista centralizado, van verse compelidos a propiciar unha intensa descentralización que, en parte, emerxía dunha esixencia compensatoria contra un precedente estadio político marcado pola obsesión centralizadora<sup>4</sup>. Certo é que isto aconteceu con tempos e ritmos distintos. Por unha banda, a derrota alemá na Segunda Guerra Mundial acelerará ese cambio, provocando que unha ferramenta tan sensible e querida do réxime autoritario, como era a cultura, desapareza totalmente de entre as competencias do goberno federal, refuxiándose con carácter exclusivo no territorio dos *lander*, para recuperar, a partir de 1998, unha presenza no goberno federal cuxa conveniencia xa hoxe case ninguén discute. Doutra banda, en España haberá que agardar ata os anos oitenta para comprobar como as competencias culturais se trasladaban de xeito progresivo cara aos gobernos autonómicos, florecendo estas con particular vitalidade naquelas comunidades caracterizadas por

unha identidade lingüística e cultural máis diferenciada respecto da lingua e cultura común. Neste aspecto, a Unión Europea, desde os seus inicios, desempeñaría un rol favorecedor desa reconfiguración. Doutra banda, a política cultural parece xogar un papel propiciador en calidade de ariete orientado a abrir novas vías e modos de expresión políticos cara aos contornos periféricos non centrais dentro das nacións-estado europeas.

En Francia, aínda baixo os auspicios de Malraux (Bodiguel, 2000), a partir de 1968 vaise empezar xa a ensaiar o modelo desconcentrador das DRAC (Delegacións Rexionais de Asuntos Culturais). Esta nova institución estaría chamada a consolidarse a partir da lexislación descentralizadora de 1982. No Reino Unido será a partir de 1967 que se outorgue a capacidade a Escocia e a Gales de dispoñer das súas propias axencias do Arts Council cun estatuto competencial que iniciaría o camiño que habería de conducir, en 1994, ao recoñecemento dos actuais Arts Council of England, Scottish Arts Council e o Arts Council of Wales. O desenvolvemento desta tendencia propiciou unha descentralización interna no Arts Council de Inglaterra que facilitou a creación de nove consellos de ámbito rexional: East, East Midlands, Londres, North East, North West, South East, South West, West Midlands e Yorkshire.

O proceso de rexionalización das competencias culturais experimentou un marcado impulso entre os anos setenta e noventa, converténdose nun terreo abonado para corrixir algúns dos desaxustes derivados da excesiva concentración e centralidade das políticas culturais precedentes. A acción cultural nas rexións apuntábase o tanto adicional do seu impacto como sector capaz de contribuír á resolución dos problemas laborais e socioeconómicos das periferias rexionais; e isto tanto mercé ás súas accións culturais propiamente ditas, como en virtude dos impactos derivados da súa implantación e funcionamento.

En congruencia co devandito, unha recoñecida investigación do sociólogo suízo M. Bassand (1987; 1992), efectuada a finais dos anos oitenta acerca da situación cultural das rexións europeas, a cal fora encargada no seu momento pola Comunidade Europea, postulaba a tese de que a incidencia das segmentacións territoriais na articulación dos fenómenos culturais non só non perdera vigor ante os embates contemporáneos da cultura global, electrónica e deslocalizada, senón que, paradoxalmente, estaría cobrando unha maior importancia tanto no relativo aos seus elementos simbólicos como respecto dos seus compoñentes político-administrativos. En sintonía con iso, e a finais dos anos oitenta (Bassand, 1992: 201) a Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais de Europa achegaba pautas adicionais ao indicar que “a política cultural das colectividade locais e rexionais non debería apuntar a operacións de prestixio, como foi demasiado a miúdo o caso, sobre todo a nivel nacional, debendo máis ben darlle prioridade ás manifestacións máis variadas da cultura rexional e local, no marco dunha auténtica descentralización cultural, e isto tanto a nivel das rexións como a nivel municipal”. As directrices emanadas desde a Unión Europea pretendían apoiar os obxectivos de vertebración social e identitaria, característicos da liña de *democracia cultural*, fronte a aquelas apostas máis centradas na difusión de contidos e referentes culturais de prestixio, propios das políticas culturais centralizadas. Ao longo dos últimos anos, desde diversas instancias da Unión Europea, vense chamando a atención sobre a utilidade da acción cultural non só para contribuír a un maior grao de cohesión social, senón tamén acerca da súa capacidade para exercer como un recurso útil na promoción de dinámicas favorecedoras do emprego e o desenvolvemento.

Neste sentido, a Comunicación da Comisión de 20 de novembro de 1996, que leva por título: “Política de Cohesión e Cultura: Unha contribución ao emprego”<sup>5</sup>, elabo-

rou unhas conclusións a partir dos resultados derivados dunha serie de experiencias utilizadas a título de exemplo. Entre elas achábanse as iniciativas orientadas de cara ao *desenvolvemento da cultura e o turismo en áreas rurais; o apoio ás industrias culturais e aos medios de comunicación; a conservación de edificios históricos; a cultura, o desenvolvemento sustentable e a reconversión industrial; a formación cultural e a rexeneración urbana; a relación entre cultura, integración social, a formación e o turismo; a relevancia das industrias culturais e o patrimonio como compoñentes das iniciativas de desenvolvemento local; o mantemento de enclaves arqueolóxicos e o turismo non estacional; ou a Articulación da cooperación interrexional coa cultura e as novas tecnoloxías*. A análise das citadas experiencias conduciu á Unión Europea a propoñer que a crecente importancia da cultura para o desenvolvemento rexional habería ser contemplada non só no marco da reestruturación da economía, senón tamén como efecto das transformacións provocadas polos cambios nos estilos de vida. Desde esta perspectiva, o sector cultural debería ser aproveitado para fortalecer e diversificar o potencial de desenvolvemento local e rexional tanto das rexións menos favorecidas como por parte daquelas sometidas a un cambio estrutural.

Desde a Unión Europea considérase que, a teor do feito de que habitualmente a cultura soe ser tomada en consideración dun modo illado respecto dos restantes factores de desenvolvemento, sería conveniente concibila como unha compoñente das estratexias de desenvolvemento local e rexional dirixidas cara a novas formas de emprego. Neste sentido deberían mellorarse as potenciais sinerxías a establecer entre os diferentes programas e liñas de apoio da Unión.

O apoio á cultura por parte dos fondos estruturais non só permite preservar e desenvolver os recursos culturais, senón que tamén favorece o investimento produtivo nas industrias e produtos culturais. Con-

vertido nun sector en rápida expansión, as industrias culturais e os produtos da cultura evidencian un gran potencial de desenvolvemento, por exemplo, en sectores tales como aqueles vinculados aos medios de comunicación.

Coa mesma orientación, nun comunicado de prensa do 10-10-2003, desde o Comité das Rexións, a relatora Rosemary Butler (UK-PSE) defendeu a proposta de que, de cara ao período 2007-2013, se revisase o orzamento asignado ao programa cultural, a teor do protagonismo ostentado pola dimensión cultural dentro do proxecto europeo, así como ante o feito de que "a cultura é un factor fundamental da cohesión territorial en Europa, que exerce un efecto multiplicador sobre os proxectos de desenvolvemento locais e rexionais". Neste sentido, engade que "unha vida cultural activa (...) fomenta o atractivo de toda unha rexión", subliñando o feito de que o novo programa debería seguir outorgando importancia ás vantaxes socioeconómicas que a cultura pode achegar, sobre todo no que respecta ao desenvolvemento económico, a integración social e a saúde.

Doutra banda, a finais de outubro de 2007, desde Eurostat (<http://ec.europa.eu/eurostat>) fixéronse públicos os datos relativos á incidencia do emprego cultural en Europa. De acordo con estes, ao redor dun 2,4%, do total do emprego europeo tería a súa base en actividades de tipo cultural<sup>6</sup>, constatándose a existencia dunha forte correspondencia entre ocupacións culturais e a presenza de graduados universitarios. Un 59% deste tipo de empregos, no caso español, ou un 28% no de Portugal, estarían sendo desempeñados por persoas con ese nivel de cualificación. As cifras totais alcanzadas en España polo persoal ocupado en labores culturais achegárase ás 389.000 persoas, mentres que en Portugal se estima que alcanzaría unha cifra ao redor dos 70.000 individuos. Podéndose afirmar que tanto Portugal (35%) como España (34%) contan tamén cuns dos cocientes de tem-

poralidade no desempeño destes labores dos máis altos de Europa.

No caso de Galicia poderíamos estimar que esta cifra áchase situada entre os vinte e os vinte e cinco mil ocupados, dos cales polo menos un de cada catro estaría no mercado do emprego ocupando unha actividade directa ou indirectamente vinculada coa dinámica socioeconómica das políticas públicas da cultura.

#### **4. A MUNICIPALIZACIÓN DA CULTURA E A EMERXENCIA DAS CIDADES COMO ACTORES CULTURAI: A CULTURA COMO FACTOR DE VERTEBRACIÓN E FERRAMENTA DA NOVA MERCADOTECNIA URBANA**

Un traballo, publicado polo investigador francés en políticas culturais Philippe Urfalino no ano 1987, no que analizaba as tendencias seguidas en Francia no proceso de integración das estratexias de acción cultural nos municipios, tiña o significativo título de: *A municipalización da cultura*. Un proceso, derivado dunha ampla matriz de cambios sociais (crecente urbanización; unha transformación profunda na conformación das elites locais; o acceso progresivo da poboación a titulacións medias e superiores; o auxe da cultura de masas ou a profesionalización crecente dos axentes culturais...), o cal habería de ir tomando corpo a medida que avanzasen os anos oitenta (Poirrier, 1994). Outra circunstancia que tamén habería de contribuír funcionalmente a esa reorientación do protagonismo político-cultural cara á administración local ía ser o feito de que as eleccións francesas de 1977 estivesen marcadas pola vitoria dunhas listas da Unión da Esquerda, que lograron formar goberno en 57 municipios de máis de 30.000 habitantes anteriormente xestionados pola dereita. Esa novidade propiciou unha eclosión das políticas culturais locais que se vería favorecida pola incorporación dunhas novas elites locais que, nunha estimable proporción, procedían do mundo cultural e asociativo.

En paralelo con eses cambios, produciase tamén en Francia o tránsito entre un estado-titor, moi selectivo nos seus apoios e no seu rol de garante dunha visión nacional, a un Estado-*partenaire* que promove e institucionaliza estratexias *partenariais* que abren á posibilidade paulatina de compromisos e iniciativas compartidas cos municipios. Será en virtude disto que, a partir de 1980, o *partenariado* entre o estado e as diferentes colectividades locais se vaia impondo ata converterse na regra común (Poirrier, 2000: 85, 78). Ese proceso habería de conducir a partir dos anos oitenta cara a un modelo que, ao transcender os fundamentos xacobinos, algúns expertos definirían xa como de *gobernanza compartida* ou aínda como *sistema de cooperación*. Unha nova modelización que se alcanzou a través dunha descentralización moderada, pero en base a unha ampla cooperación. Diso dá conta o dato significativo de que, unha vez sumadas as partidas máis importantes no financiamento público da cultura, van ser aquelas que reflicten o financiamento de actividades e proxectos compartidos entre o estado e os diferentes tipos de colectividades locais, así como as asignadas directamente a estas e aos municipios como tales, as que resulten, con moito, as máis significativas. Respecto deles, o ministerio francés de cultura contaría para a súa propia dispoñibilidade cunha porcentaxe lixeiramente superior ao 10% dos recursos totais.

O grao de estabilidade alcanzado por este novo impulso da acción cultural local axúdanos a comprender o feito de que, a partir de mediados dos anos noventa, os ministros franceses de cultura, de Ph. Douste-Blazy à Catherine Tasca, decidan apostar xa decididamente por afirmar o rol político cultural das administracións locais, recoñecéndolles unhas competencias case universais nese campo, así como a súa plena solvencia para compartir iniciativas e proxectos en réxime de cooperación *partenarial*.

Iniciado ese camiño, poucos anos serán precisos para que as cidades vaian toman-

do unha conciencia cada vez máis clara de que a cultura podería ser unha ferramenta poderosa nas súas estratexias de produción dunha imaxe externa, así como nas súas apostas por lograr un maior dinamismo social e económico.

Este proceso, en gran medida coincidente, vai presentar non obstante en España algúns trazos que lle outorgan un carácter bastante xenuíno. Por exemplo, o feito de que en abril do ano 1979 se celebrasen as primeiras eleccións municipais democráticas, como un dos momentos culminantes da Transición. En paralelo, o feito concorrente de que, tras a longa ditadura a esquerda conseguise acceder ao goberno da maior parte das cidades españolas.

Esta peculiaridade do caso español deu lugar a que o gran cúmulo de esperanzas que foran depositadas polos demócratas de esquerdas críticos co Réxime contribuisen a alimentar unha aposta decidida por transformar unha situación político cultural ata o momento marcada polo desinterese e o total absentismo do estado. Os novos alcaldes e concelleiros, provenientes tamén aquí, nunha gran maioría, das asociacións cívicas e culturais, van converter a cultura nun dos seus eixes de intervención prioritarios. Nestes anos, empezan a celebrarse encontros como o de Cultura e Sociedade en Madrid (1981), ou o Iº Congreso Galego de ASC, en Galicia en novembro de 1983, así como a publicarse libros que empezan a preocuparse por achegar rudimentos teóricos que axudasen a confrontar os novos desafíos da nacente administración local democrática. Obras como *A acción sociocultural nos municipios* (1982) que recolle participacións nun encontro celebrado nesas datas en Madrid, ou outras no seu momento publicadas pola editorial Popular. Entre nós, en 1989 son elaborados tamén, durante o breve *interim* da Xunta tripartita, os tres tomos do *Mapa Cultural de Galicia*, un traballo pioneiro na España das Autonomías, no cal se recompilan e se analizan dun modo sistemático algúns dos datos culturais básicos dunha Comunida-

de Autónoma. Algúns anos máis tarde, en 1999, Iñaki López de Aguilera vai publicar un traballo no cal pretenderá sistematizar unha experiencia de xestión cultural municipal urbana que empezaba xa a mostrar unha presenza e uns froitos significativos. Certo é que aquí a diferenza maior respecto de Francia ha de ser, polo menos durante varios anos, a do protagonismo comparativamente maior alcanzado polos gobernos autonómicos. Especificidade que tenderá a irse lentamente matizando a medida que os municipios e cidades logren amosar unha crecente eficiencia e unha máis contundente e decidida vocación na asunción de obxectivos e labores culturais.

En virtude delo, pode certamente afirmarse que moitos dos pasos dados na sociedade francesa na década dos anos oitenta presentan, a pesar das grandes diferenzas existentes entre ambas as situacións, estimables semellanzas co acontecido entre nós ao longo desa mesma xeira. En todo caso, podemos afirmar que a *municipalización da cultura* favoreceu a institucionalización deste sector, concretándoa na creación dunha área específica de cultura con niveis diferentes de autonomía. Polo xeral, este proceso camiñou en paralelo co desenvolvemento democrático da nosa sociedade, a cal optou por outorgar cada vez máis contidos e labores ás políticas locais en base á súa condición de ser aquelas que máis cerca se achaban dos cidadáns.

O proceso de *municipalización da cultura* e a súa consecuente institucionalización favoreceu a progresiva conformación dun *campo cultural* local específico (neste proceso foi clave a creación de equipamentos e a aparición de técnicos e profesionais da cultura), así como a crecente implicación dos responsables políticos locais (alcaldes e concelleiros) no ámbito cultural. Nos últimos anos, alcaldes e concelleiros deixáronse seducir pola misión da cultura, ao entender que este era un campo de actividade novo que concitaba crecentes intereses e demandas entre distintos sectores das colectividade locais. Este feito,

ao outorgar un maior protagonismo a ese labor, propiciou tamén unha expansión de recursos orzamentarios e de actividades que foron achegando cada vez máis os obxectivos culturais a aqueles de carácter social, turístico ou de desenvolvemento económico local.

Pola súa banda, as cidades de maior tamaño comprenderon finalmente que a política cultural podía constituír unha suxeición útil para unha política de imaxe urbana. Unhas e outras optaron por desenvolver diferentes estratexias ao servizo dun proxecto urbano que normalmente se complementaba non só con recursos financeiros externos procedentes do goberno autónomo, do central ou das institucións europeas, senón tamén co frecuente concurso de empresas ou fundacións que achegaban o seu apoio desde o sector privado.

Quizais por constatacións como esta, non só as rexións senón tamén moitos concellos e cidades (Bianchini e Parkinson, 1993) se foron facendo máis receptivos a novas empresas culturais e, en particular, a aquelas que parecían garantir mellor o desenvolvemento do seu propio territorio.

Neste último aspecto, algúns autores (Street, 2000: 145) veñen subliñando o feito de que, mesmo nunha sociedade crecentemente globalizada, a nova industria cultural vinculada ás empresas en ámbitos comerciais como o da música *pop* continúan dependendo das rexións como fonte de talentos e como marco inspirador da significación cultural que ten a súa produción e consumo.

En virtude disto John Street (2000), ten suliñado o recente despregue de toda unha incipiente enxeñería sociocultural posta ao servizo da dinamización e a promoción do territorio. Á beira de iniciativas como o Temple Bar de Dublín como barrio de lecer e cultura, fóronse concibindo e deseñando novas e orixinais estruturas de apoio a este sector emerxente tales como o *Centro Europeo de Artes Visuais* en Ipswich-U.K., o *Centro integrado ZKM* en Karlsruhe no



land de Baden-Württemberg ou as axenias para o desenvolvemento da industria audiovisual local promovidas polo, en moitos aspectos pioneiro, concello de Glasgow, algunha das cales aparece xa descrita na obra citada de F. Bianchini e M. Parkinson. Función semellante, pero neste caso de apoio á creación musical, foi o proxecto *Red Tape*, un complexo de gravación e ensaio, que o concello de Sheffield axudou a financiar e que permitiría aos músicos formarse e promover redes para a creación musical.

De todos os xeitos, de novo cómpre subliñar o feito de que convén evitar a tendencia a establecer unha relación mecánica entre acción ou política cultural e desenvolvemento económico. Tal e como afirmaba F. Bianchini (1993: 2), como trazo xeral caracterizador dos estudos de caso analizados na obra, as novas políticas culturais urbanas dos anos oitenta en Europa tiveron, a pesar de todo, un impacto máis ben modesto no que respecta á súa capacidade directa de crear emprego e riqueza. Aínda así, o seu papel na construción dunha imaxe nova e positiva das cidades resultou particularmente fecunda e eficiente. Esa circunstancia favoreceu o desenvolvemento da industria turística, atraendo a investidores externos, ao tempo que situou esas cidades nunha posición máis competitiva.

É por iso que a partir deste tipo de consideracións, algúns dos traballos máis influíntes publicados durante os últimos anos acerca da capacidade da cultura para favorecer procesos de desenvolvemento urbano van ir asumindo un nesgo cada vez máis orientado cara á mercadotecnia de cidades, ao mesmo tempo que cara á condición difusa que presentan as artes e a cultura na *cidade creativa* (Landry, 2000, 2006; Florida, 2002). E é por iso tamén que mentres R. Florida fixo fincapé na relevancia da presenza dunha masa crítica significativa de sectores sociais particularmente equipados na súa capacidade de propiciar procesos de innovación e creatividade, Ch.

Landry, pola súa banda, optou por suliñar o cometido daquelas condicións diversas de carácter social e político potencialmente favorecedoras dun impulso urbano creativo. Entre elas, a presenza de sectores dinámicos e innovadores, pero tamén a definición e vertebración identitaria da comunidade, a heteroxeneidade e competencia do capital humano, á beira doutras tales como a importancia de contar cun medio socio-urbanístico adecuado ou a capacidade deste para favorecer unha inserción fluída dos seus axentes nun fluxo dinámico de redes sociais. Algúns destes trazos resultan vellos coñecidos, desde a *expertise* do *desenvolvemento local*, e outros ábrennos a diagnósticos como aquel no que L. Boltanski e E. Chiapello (1999) daban conta, hai poucos anos, dos profundos cambios que a nosa sociedade finisecular experimentaba. O seu concepto abarcante da *crítica artista*, na que abordan o proceso de impregnación ética da sociedade respecto do *ethos* innovador tradicionalmente caracterizador dos artistas, así como o protagonismo que asignan á posibilidade estratéxica por parte dos actores sociais para inserirse en redes, converxen substancialmente co deseño dos novos marcos de oportunidade propostos por Florida e Landry, aínda que os seus contidos e obxectivos non sempre haxan de ser coincidentes.

Quizais este novo contexto sexa o que explique o feito de que, cando Justin O'Connors (1999), no seu oportuno informe sobre o novo, pequeno e mediano, empresariado cultural na cidade de Manchester, optase por poñer en evidencia o papel protagónico asumido ao longo dos últimos anos polo sector cultural como motor de impulso ao servizo do desenvolvemento urbano. Esta liña de reflexión ten ido facendo cada vez máis patente a crecente capacidade para inspirar e lubricar este tipo de procesos de cambio e desenvolvemento por parte da nacente *sociedade da cultura* e o *coñecemento* (Rodríguez Morató, 2007). Un empuxe que, ao ser infravalor-

rado por algúns actores urbanos, favorecería a aquelas cidades que, como Barcelona ou aínda Bilbao, entre nós, souberon mostrarse dispostas a outorgarlle un recoñecemento privilexiado a un sector como o cultural que, con frecuencia, figurara como ornamento adxectivo máis que como un elemento activador dos procesos de desenvolvemento urbano. É por iso que a experiencia lúcidamente animada por Ferrán Mascarell na cidade de Barcelona (Mascarell, 2005) representa un caso próximo e globalmente<sup>8</sup> exitoso no modo creativo de xestionar o desenvolvemento urbano dunha gran cidade fronte aos complexos desafíos suscitados polo cambio de século. Na súa proposta, o autor, arroupado pola súa bagaxe de experiencia política na xestión dese campo, parte dun concepto de cultura que vai enchendo de contidos e cometidos para convertelo ao cabo en motor de desenvolvemento urbano e en argamasa de proxectos colectivos e aínda globais con apoio na aposta renovadora que desde o punto de vista cultural e político representou en 2004 o Forum de Barcelona.

## 5. POLÍTICAS CULTURAIS EN GALICIA: O DESEÑO DE OBXECTIVOS E O GASTO EN CULTURA

Nas anteriores páxinas procuramos dar conta dalgúns aspectos centrais das dinámicas evolutivas das políticas culturais, as cales, ao tempo que se foron aproximando aos ámbitos locais, puideron mostrarnos tamén como simultaneamente ían aboñando o terreo para que, ao seu abeiro, se fose logrando unha crecente vinculación entre economía e cultura. En aras de achegármonos á situación concreta na que fraguan este tipo de dinámicas, proporcionaremos unha dobre información comentada relativa ao caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a cal estableceremos de cara a achegar algunhas luces tanto respecto dos obxectivos culturais *declarados* das distintas administracións que exercen a súa acción competencial no país como

respecto tamén do peso e a importancia alcanzada polos recursos financeiros dispoñibles para abordar ese tipo de labores. Ben é certo que as dúas perspectivas que aquí estableceremos, acerca dos obxectivos e labores das políticas culturais, así como sobre o gasto efectivo en cultura derivado da aplicación dos orzamentos públicos para este fin, sitúanse en dous extremos distintos. Mentres que os obxectivos e os programas específicos de cultura aspiran a ter un efecto impregnante coa capacidade de influir no desenvolvemento cultural, social e aínda económico da sociedade; os orzamentos de cultura das administracións, pola súa parte, demarcan un *campo cultural* específico que xera uns empregos e uns investimentos determinados en función das diferentes dispoñibilidades dos respectivos ámbitos administrativos, cuxa lóxica de funcionamento responde a unha estimable variedade de orientacións entre as cales o desenvolvemento socioeconómico, como tal, resulta un dos últimos en incorporarse á axenda como tal obxectivo específico.

Se observamos con detemento os datos que figuran nos distintos cadros sintéticos relativos aos obxectivos das políticas culturais públicas en Galicia, que presentamos algunhas liñas máis abaixo, poderemos comprobar como os temas que aparecen consignados como obxectivos poderían ser divididos en dous grupos en relación coa centralidade asignada ao papel da cultura como motor de desenvolvemento socioeconómico. Por unha banda, podemos constatar a presenza daqueles máis centrados na especificidade do labor cultural clásico:

- Protección e promoción do patrimonio
- Ensinanzas artísticas
- Construción de equipamentos culturais
- Promoción de actividades culturais e artísticas

- Subvencións a entidades culturais e asociativas

E, por outro, resulta observable como se van engadindo novas formas de acción vinculadas a unha crecente aspiración por instrumentalizar a cultura dun modo positivo realzando a súa relevancia e poñéndoa ao servizo do desenvolvemento a través de medidas tales como:

- A potenciación de actividades e equipamentos para crear unha imaxe urbana e atraer a visitantes.
- O recurso á cultura para promover o desenvolvemento social e económico.
- A potenciación do labor creativo (audiovisual, música, artes plásticas, etc.) difundindo a súa obra dentro e fóra do territorio local.

Ben é certo que, nunha maior ou menor medida, tamén aquelas que consideramos como funcións clásicas da acción cultural non están exentas de exercer tamén unha influencia directa ou indirecta de relevancia estimable sobre os procesos de desenvolvemento. Xa sexa pola súa capacidade directa para formar ou facer máis competente e flexible o capital humano como pola súa capacidade paralela para fortalecer o *capital social* da comunidade a través da conversión dos servizos e equipamentos culturais en nós de redes sociais útiles á vertebración de iniciativas e proxectos diversos. Doutra banda, entre estas funcións atópanse tamén aquelas, como as subvencións a entidades ou os proxectos promovidos en partenariado, as cales non só propician o mantemento do sector asociativo non lucrativo, senón que tamén constitúen un laboratorio de experimentación social privilexiado e, mesmo con frecuencia, un verdadeiro viveiro de iniciativas laborais e de novos proxectos socioprofesionais innovadores.

En todo caso, non debemos deixar de subliñar o feito particularmente significativo na nosa liña de reflexión de que nos

últimos anos, foi tomando forma unha nova fornada de obxectivos de carácter non específico ou *extrínsecos*, que sen relegar totalmente o corpus de labores tradicionais xenuínos da política cultural foron engadindo outros novos, ao mesmo tempo que impregnando coa aspiración da eficiencia socioeconómica a aqueles preexistentes. Neste aspecto, a utilización da cultura como unha ferramenta de desenvolvemento local e urbano (Pose, 2006; Bouzada, Fernández e Valverde, 2007: 213 e ss.; Bouzada, 2005a) parece ter concitado de xeito particularmente intenso o interese no modo de xestionar os recursos culturais por parte dos concellos das grandes cidades. Aínda que tamén a administración autonómica tende a evidenciar cada vez con maior claridade no enunciado dos seus obxectivos prioritarios o efecto económico e de imaxe de marca da acción cultural como un derivado optimizable para o desenvolvemento do país. Mesmo a administración local provincial, a través das deputacións, afirma asumir o obxectivo de apoiar aos pequenos e medianos concellos no seu labor de canalizar os labores culturais cara aos fins políticos xerais e de desenvolvemento socioeconómico.

Cada un destes ámbitos posúe unha relativa especificidade nos seus labores, derivada de trazos que definen o seu ámbito competencial. A administración central ocúpase preferentemente de regular o sector cultural, a industria e a creación cultural, en todo o territorio español, ademais de xestionar os grandes museos e as grandes compañías nacionais. Ao mesmo tempo, o Ministerio de Cultura presta atención preferente á proxección internacional da cultura española por medio da produción de eventos orientados a unha difusión internacional ou en colaboración con Asuntos Exteriores a través de entidades que como o Instituto Cervantes, lideran a presenza exterior das culturas españolas. De igual modo, a protección e promoción do patrimonio artístico nacional representa tamén unha liña de interese nada desdeñable.

Cadro 1. Obxectivos das políticas culturais da Administración Xeral do Estado (Ministerio de Cultura)

ADMÓN.	MODELO	COMPETENCIAS, FUNCIONS E OBXECTIVOS
ADMÓN. XERAL DO ESTADO  (Ministerio de Cultura)	XESTIÓN DE ORGANISMOS CENTRAIS	- Promoción, protección e difusión do patrimonio histórico español, dos museos estatais e das artes plásticas, así como a conservación e difusión dos arquivos e bibliotecas estatais.
	NORMAS REGULADORAS DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E DA PROPIEDAD INTELLECTUAL	- Promoción, protección e difusión das actividades cinematográficas e audiovisuais de produción, distribución e exhibición. - Promoción, protección e difusión das artes escénicas, da música e da danza. - Defensa da propiedade intelectual e o regulamento das fundacións culturais.
	RELACIÓNS CULTURAIS INTERNACIONAIS	- Accións de cooperación cultural e de difusión da cultura española a nivel internacional compartidas co M° de Asuntos Exteriores. - Relacións internacionais en materia de cultura e seguimento das actuacións da Unión Europea neste ámbito.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura

Cada un destes ámbitos posúe unha relativa especificidade nos seus labores, derivada de trazos que definen o seu ámbito competencial. A administración central ocúpase preferentemente de regular o sector cultural, a industria e a creación cultural, en todo o territorio español, ademais de xestionar os grandes museos e as grandes compañías nacionais. Ao mesmo tempo, o Ministerio de Cultura presta atención preferente á proxección internacional da cultura española por medio da produción de eventos orientados a unha difusión internacional ou en colaboración con Asuntos Exteriores a través de entidades que como o Instituto Cervantes, lideran a presenza exterior das culturas españolas. De igual modo, a protección e promoción do patrimonio artístico nacional representa tamén unha liña de interese nada desdixible.

O contido dos obxectivos políticos culturais da administración autonómica com-

pilados móstranos como os seus labores se orientan en varias direccións complementarias. Por unha banda, establécese como unha das súas funcións centrais, derivadas da encomenda constitucional, a defensa e promoción da cultura propia, con particular transcendencia no caso daquelas comunidades autónomas cunha lingua e cultura distinta da común. Por outra banda, e sobre todo en situacións biculturais como a galega, asume unha extraordinaria importancia a creación dun sistema comunicacional (Radio e Televisión) que sirva de apoio ao uso da lingua propia. Esta aposta, xunto con varias liñas de axuda ás publicacións en lingua galega daría contido ao obxectivo de propiciar a conformación dun *espazo galego da cultura e da comunicación* que resulte consistente á beira do xa consolidado sistema comunicacional español.

Cadro 2. Obxectivos das políticas culturais da Administración Autonómica (Consellaría de Cultura)

ADMÓN.	MODELO	COMPETENCIAS, FUNCIONS E OBTXECTIVOS
<p style="text-align: center;"><b>ADMÓN. AUTONÓMICA</b></p> <p style="text-align: center;">(Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia)</p>	<p style="text-align: center;"><b>PATRIMONIO ARTÍSTICO E EQUIPAMENTAL EN GALICIA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización do sistema de museos e arquivos de Galicia, con desenvolvemento de funcións propias de conservación, investigación e difusión.</li> <li>- Conservación e promoción do patrimonio artístico e cultural.</li> <li>- Creación e mellora das infraestruturas existentes (a través de convenios) de auditorios, teatros, espazos multiusos e outros.</li> <li>- Promover a creación e a utilización das Casas da Cultura, impulsando a realización de actividades culturais.</li> </ul>
	<p style="text-align: center;"><b>PROMOCIÓN DA CULTURA E LINGUA PROPIAS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dirección e coordinación das accións dirixidas ao desenvolvemento e promoción da cultura galega, dentro e fóra de Galicia.</li> <li>- Promoción do teatro, a música e a danza galegas coa produción de espectáculos que identifiquen os creadores do país.</li> <li>- Aposta polo libro e as producións literarias en lingua galega.</li> <li>- Promover a produción audiovisual en Galicia e a súa difusión dentro e fóra do país.</li> <li>- Desenvolvemento de medidas para crear unha marca de calidade da cultura galega potenciando a circulación exterior dos produtos e e identificando a súa orixe.</li> </ul>
	<p style="text-align: center;"><b>CRECENTE ATENCIÓN Á INSTITUCIONALIZ. DA CULTURA E Á CREACIÓN DE EQUIPAMENTOS- SIGNO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incentivar as artes da representación e promover espazos para a súa difusión.</li> <li>- Creación e mantemento de bases de datos e organización dos servizos da rede galega de bibliotecas públicas.</li> <li>- Promoción difusión do Camiño de Santiago.</li> <li>- Construción da Cidade da Cultura coa aspiración de convertela en referente galego, nacional e internacional.</li> </ul>
	<p style="text-align: center;"><b>PROMOCIÓN DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE GALICIA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar desde Cultura aos medios de comunicación públicos de ámbito galego existentes (TVG, Radio Galega...).</li> <li>- Creación dunha ferramenta de acceso á información cultural.</li> <li>- Apoio e fomento do sector audiovisual, favorecendo o acceso dos novos profesionais á industria audiovisual.</li> <li>- Creación dun espazo galego da cultura e da comunicación.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia

Este espazo habería de complementar-se, así mesmo, cunha rede galega de equipamentos e servizos culturais autonómicos de referencia (IGAEM, CGAI, CGAC, Arquivo do Reino de Galicia, Centro Superior Bibliotecario de Galicia, etc...), así como en propiciar a creación dunha rede tupida de equipamentos culturais de proximidade tales como casas da cultura, centros socio-culturais ou bibliotecas. De igual xeito, habemos de apuntar tamén o feito de que a institución non se mantén allea á tenden-

cia xeral que aposta por ampliar os labores da cultura nunha dirección instrumental orientada a proxectar a súa presenza e logros no exterior. Neste aspecto, aínda que con desigual rigor e fortuna, avanza na liña de crear ou concibir macro equipamentos de prestixio, así como publicitar aqueles logros que, como no caso paradigmático do sector audiovisual, poderían abrir novos horizontes a unha industria cultural local.

Cadro 3. Obxectivos das políticas culturais das deputacións provinciais de Galicia

ADMÓN.	MODELO	COMPETENCIAS, FUNCIÓNS E OBXECTIVOS
ADMÓN. LOCAL: DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS	COOPERACIÓN INTERMUNICIPAL NA PROVINCIA	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar os concellos na realización de actividades, e na construción ou mellora de infraestruturas, así como na dotación de equipamentos.</li> <li>- Fomento da participación dos cidadáns impulsando a democratización da sociedade.</li> <li>- Dar a coñecer a realidade social dos municipios da provincia, conservando e promovendo o patrimonio cultural a través de proxectos de intervención sociocultural.</li> <li>- Promover a mellora da xestión e organización de actividades e equipamentos mediante a concesión de subvencións, e mediante a contratación, por parte de os concellos, de persoal profesional para a xestión cultural municipal.</li> </ul>
	CAPACIDADE PARA UNIVERSALIZAR AS SÚAS INICIATIVAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conservación do patrimonio, dándoo a coñecer e poñéndoo ao servizo da actividade turística e do desenvolvemento económico da provincia.</li> <li>- Promoción, difusión e posta en valor de todas as manifestacións culturais e da identidade propia de Galicia.</li> <li>- Apoio á música mediante a subvención dos centros de ensinanza musical</li> <li>- Promoción de accións dirixidas a potenciar a calidade de todas as manifestacións artísticas, así como a creación de sinerxías que dinamicen e beneficien o seu contorno mediante subvencións a actividades culturais, a infraestruturas e a equipamentos culturais.</li> <li>- Creación duna liña de axudas a entidades culturais e asociativas que contribúan a fomentar a participación cívica e a democratización da sociedade.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia a partir da información proporcionada polas deputacións provinciais

Respecto dos labores que orientan a acción institucional de deputacións e concellos, podemos afirmar que estes resultan nunha gran medida coincidentes ou complementarios. Algo lóxico se temos en conta que, ademais das afinidades electivas propias ao ámbito, actúa tamén aquí o feito de que o rol central das deputacións sexa o de actuar como unha estrutura de cooperación intermunicipal vocacionada no apoio ao quefacer, sobre todo daqueles municipios de tamaño medio e pequeno. É por iso que a súa coincidencia en labores é case absoluta: apoiar a creación de equipamentos culturais e deportivos, difundir e subvencionar programas e grupos de acción cultural e sociocultural, protexer o patrimonio ou apoiar os concellos na xestión dos recursos e iniciativas culturais.

Con todo, existe un aspecto no cal os concellos tomaron unha certa iniciativa;

na liña de asignarlle á cultura un papel relevante como factor de apoio ao desenvolvemento turístico e económico da comunidade. Neste sentido, primeiro os concellos de maior tamaño e agora tamén aqueles de tamaño medio, decidiron apostar por unha erección estratéxica de equipamentos, xeralmente museos, capaces de proxectar unha imaxe positiva da cidade, ao mesmo tempo que de atraer un turismo cualificado de visitantes con intereses culturais. Preciso é recoñecer que a este tipo de procesos non se mostraron alleos os pequenos municipios a través da posta en valor dos seus recursos arqueolóxicos, artísticos ou patrimoniais, contando para iso coa axuda e o concurso das administracións europeas, autonómicas ou provinciais, xa fose directamente ou ben a través de liñas de axuda tan consistentes e dinamizadoras como os programas Leader ou Proder.

Cadro 4. Obxectivos das políticas culturais das sete principais cidades galegas

ADMÓN.	MODELO	COMPETENCIAS, FUNCÍONS E OBXECTIVOS
ADMÓN. LOCAL: AS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS	TERRITORIO CULTURAL "LOCAL"	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Gran peso na promoción de infraestruturas culturais, educativas e deportivas, así como no apoio a asociacións e institucións socioculturais con actividade na cidade.</li> <li>- Dinamización e vertebración social do municipio utilizando como ferramenta clave a cultura.</li> </ul>
	PRACTICAMENTE UNIVERSAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Protección do patrimonio histórico-artístico e documental.</li> <li>- Promoción e difusión das artes musicais.</li> <li>- Utilizar a cultura para potenciar a imaxe da cidade e o seu desenvolvemento social e cultural.</li> <li>- Incorporación de sensibilidades contemporáneas ás programacións culturais (por exemplo teatro alternativo, arte contemporánea, novas tendencias musicais, etc).</li> <li>- Potenciar a proxección da cultura cara ao exterior.</li> </ul>
	COOPERACIÓN CON OUTROS ÁMBITOS ADMINISTRATIVOS SUPRAMUNICIPAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomentar a coordinación con organismos públicos e privados con intereses comúns mediante a firma de convenios.</li> <li>- Afondar a colaboración coa universidade e con outras institucións públicas.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia a partir da información proporcionada polas sete principais cidades galegas

## 6. O PESO CRECENTE DOS ORZAMENTOS DE CULTURA

O peso crecente dos orzamentos culturais resulta visible no aumento experimentado tanto polo *esfuerzo cultural* como polo incremento do *euro cultural* que reflicte o gasto cultural por habitante no país. Quizais como corolario do apartado anterior

habería que subliñar a crecente importancia asignada naqueles ámbitos da administración máis próximos ao cidadán aos gastos e investimentos en cultura. O feito de que a cultura tenda a verse cada vez dun modo máis claro como un investimento, e non só como un gasto, sen dúbida lubricou e favoreceu esta transformación.

Cadro 5. Orzamentos anuais de cultura segundo administracións en España (miles de euros)

ESPAÑA	1991	2000	2004
Administración Central	435.896	715.974	749.900
Comunidades Autónomas	590.705	945.437	1.329.338
Deputacións Provinciais	---	*325.051	419.433
Concellos	---	*1.450.807	2.271.909

\* Estas cantidades (en miles de euros) son estimacións elaboradas a partir das fontes consultadas.

Fonte: Elaboración propia a partir de: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2002); Ministerio de Cultura (2006) e Ministerio de Economía y Hacienda (2006)

Neste aspecto, debe ser subliñado o feito de que o incremento sostido do montante total dos orzamentos públicos asignados ao labor cultural evidencia un crecemento selectivo acorde coa capacidade comparativa dos diferentes ámbitos para establecer un aproveitamento económico e estratéxico da cultura ao servizo do desenvolvemento territorial. É ese aspecto o que explica o maior incremento diferencial acadado polos recursos autonómicos pero, sobre de todo, o aumento do monto do gasto cultural municipal acontecido en España ao longo dos últimos anos. De acordo con este prantexamento sería nunha grande medida a proximidade ao territorio e ao cidadán a que favorecería un maior grao de eficiencia que, á súa vez, propiciaría un aumento do gasto cultural.

Desde unha perspectiva diacrónica, resulta constatable o feito de que os últimos anos viron como o orzamento cultural do Estado mantiña unha estabilidade relativa

bastante considerable entre os inicios dos noventa e mediados da primeira década do século XXI, ao tempo que as consellerías de cultura das comunidades autónomas, do mesmo xeito que os concellos, experimentaron uns incrementos que alcanzaron de media para ese período en todo o territorio de España unha significativa taxa próxima ao 250%.

No caso de Galicia, o gasto funcional en cultura foi acompañando dun modo bastante compasado a uns orzamentos autonómicos en constante crecemento. Iso deu lugar a que en comunidades autónomas como a galega, caracterizada pola posesión dunha cultura diferencial particularmente definida, entre os anos 1986 e 2005 as cifras dispoñibles para o gasto en cultura alcanzasen un crecemento do 1.200%, o cal foi acompasado coa evolución do monto xeral do fluxo de transferencias desde o Estado hacia a comunidade autónoma.



Cadro 6. Evolución dos orzamentos funcionais de cultura da Comunidade Autónoma de Galicia

Ano	Orzamentos xerais (miles de euros)	Función 35. Cultura (miles de euros)	Esfuerzo cultural	Euro cultural
1986	823.433	12.840	1,6%	4,51
1987	1.147.063	21.803	1,9%	7,63
1988	1.416.705	33.208	2,3%	11,51
1989	1.693.588	38.029	2,3%	13,13
1990	2.102.785	64.392	3,1%	22,09
1991	2.303.603	77.677	3,4%	28,44
1992	2.671.643	89.541	3,4%	32,67
1993	2.954.364	104.141	3,5%	37,38
1994	4.561.395	91.429	2,0%	32,50
1995	4.749.746	87.257	1,8%	30,89
1996	4.926.045	87.503	1,8%	31,90
1997	5.229.112	95.673	1,8%	35,12
1998	5.538.930	123.867	2,2%	45,46
1999	5.888.188	131.486	2,2%	48,16
2000	6.249.948	139.560	2,2%	51,09
2001	6.758.538	162.387	2,4%	59,42
2002	7.197.165	162.296	2,3%	59,29
2003	7.749.074	169.801	2,2%	61,72
2004	8.162.675	211.126	2,6%	76,75
2005	9.090.327	220.087	2,4%	79,68
2006	9.911.726	209.215	2,1%	75,60

Fonte: Elaboración propia a partir das leis orzamentarias do DOGA

Por outra banda, o esforzo do gasto funcional en cultura nese mesmo período arroxa unha porcentaxe media lixeiramente superior ao 2,3%. As oscilacións que vai acusar ese gasto van depender extraordinariamente da proximidade ou distancia respecto de cada un dos Xacobeos celebrados durante estes anos (en 1993, 1999 e 2004).

Esa celebración serviu de pretexto para que se lle prestase unha atención moi especial á promoción do Camiño de Santiago e ao Xacobeo como evento galego de referencia. Unha estratexia que foi despregada co fin de mellorar a proxección exterior e a imaxe de Galicia para poñela ao servizo do desenvolvemento turístico do país.

Cadro 7. Orzamentos anuais da Cidade da Cultura

Ano	Cantidade (miles de euros)	%
2001	28.361	13,6
2002	18.057	8,0
2003	25.154	10,6
2004	55.917	19,4
2005	58.914	19,3
2006	49.240	29,8

Fonte: Elaboración propia a partir das leis orzamentarias do DOGA

Cómpre consignar, asemade, o feito concorrente de que a partir do ano 2001 produciuse unha radical novidade que condiciona a realidade cultural galega, coa irrupción do proxecto da Cidade da Cultura. A partir dese ano este novo e ambicioso proxecto empezou a succionar unha proporción de recursos moi significativa, que oscila entre os dezaioito millóns de euros do ano 2002 ata o máximo de cincuenta e oito millóns gastados con esa finalidade no exercicio do ano 2005.

O maior impacto relativo para a Consellaría de Cultura e, en xeral, para o conxunto das dispoñibilidades económicas da Xunta de Galicia, foi o causado durante o último ano, no cal, tras a remodelación competencial, o gasto pasou a representar unha cuarta parte dos recursos totais do devandito departamento. A súa irrupción está suscitando unha profunda preocupación cívica, provocada tanto pola impredicibilidade constitutiva da idea inicial como por mor do escaso rigor dun proxecto viciado de graves eivas desde o primeiro momento no que foi concibido e promovido. Esta fráxil iniciativa deixou unha pataca quente en mans dos presentes e futuros responsables autonómicos de cultura, forzados a repensar un custoso proxecto máis propio dun modo de facer política cultural do século XIX que dos inicios do século

XXI. Non podemos deixar fóra esta nova realidade que, de certo, condiciona poderosamente o futuro.

En canto ao euro cultural, o Cadro 6 pon de manifesto o anteriormente mencionado. Nun período de 20 anos, o euro cultural pasou de 4,5 a 75,6 euros por habitante (aproveitamos aquí para precisar que a discordancia que se produce na cifra do *euro cultural*, ao figurar a cifra de 58,58 no Cadro 8 de Orzamentos “públicos de cultura”, deriva do feito de que na cantidade que figura no dito cadro non se inclúen nin os gastos de deporte nin os do servizo de normalización lingüística, que si están consignados no outro caso), o que implica un incremento de case o 1.700%. Con iso podemos apreciar a estable e continuada relevancia outorgada ao papel desempeñado polos orzamentos de cultura no ámbito autonómico. Uns orzamentos de cultura que se foron flexibilizando ao mesmo tempo que mostraban unha sensibilidade cada vez maior respecto da capacidade da cultura para erixirse en motor de promoción da marca cultural do país (Bouzada, 1999 e 2005).

Se comparamos a información incluída no tomo I do Mapa Cultural de Galicia publicado no ano 1991 (Bouzada, 1991:43 e ss.), no cal se reflectían datos procedentes dunha enquisa efectuada no ano 1989, cos relativos á situación existente na actualidade (Cadro 8), resulta sorprendente o intenso cambio acontecido en canto aos recursos específicos dedicados polos municipios aos labores e cometidos de carácter cultural.

De acordo con eses datos, no ano 1989 a maioría dos concellos galegos investía en cultura unha cantidade inferior aos tres euros por habitante e tan só un de cada dez alcanzaba unha cantidade situada entre os tres e os seis euros, mentres que un reducidísimo 3,2 por cento dedicaba unha cifra superior aos seis euros. Doutra banda, o *esforzo cultural* realizado presentaba para a maioría dos concellos unha mag-

nitidade media situada entre o un e o dous por cento do seu orzamento total. Cinco de cada seis asignaban unha cantidade inferior ao tres por cento, mentres que só un de cada seis investía unha cifra superior a esa porcentaxe.

Cadro 8. Orzamentos públicos de cultura en 2006

	Institución cultural	Orzamento de cultura (miles de €)	Euro cultural	Esfuerzo cultural
<b>ADMINISTRACIÓN XERAL</b>	Ministerio de Cultura <sup>1</sup>	1.028.000	22,99	0,34%
	..... <i>Ministerio de Cultura en Galicia</i> <sup>2</sup>	8.820	3,19	1,14%
<b>ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA</b>	Consellería de Cultura e Deporte	130.397	47,10	1,31%
	..... <i>IGAEM</i>	7.812	2,82	0,08%
	..... <i>Fundación Cidade da Cultura</i>	49.241	17,79	0,50%
	S.A. Xestión do Plan Xacobeo	28.372	10,25	0,29%
	Consello da Cultura *Galega	2.863	1,03	0,03%
	CGAI	501	0,18	0,01%
	<b>Total Administración Autonómica</b>	<b>162.133</b>	<b>58,58</b>	<b>1,64%</b>
<b>ADMINISTRACIÓN LOCAL (DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS)</b>	Deputación provincial dá Coruña	12.935	11,46	7,75%
	Deputación provincial de Lugo	5.041	14,13	3,47%
	Deputación provincial de Ourense	2.661	7,86	3,45%
	Deputación provincial de Pontevedra	9.037	9,58	6,20%
	<b>Total Admón. Local (Deputacións)</b>	<b>29.674</b>	<b>10,72</b>	<b>5,55%</b>
<b>ADMINISTRACIÓN LOCAL (MUNICIPIOS)</b>	Concello da Coruña	21.727	89,30	11,80%
	Concello de Ferrol	2.400	31,40	5,30%
	Concello de Lugo	4.224	45,20	4,80%
	Concello de Ourense	2.412	22,31	2,80%
	Concello de Pontevedra	4.722	58,96	6,70%
	Concello de Santiago de Compostela	7.171	76,73	7,20%
	Concello de Vigo	11.015	37,56	5,70%
	<b>Sete cidades galegas</b>	<b>53.671</b>	<b>54,32</b>	<b>7,00%</b>
<b>Total Admón. Local (Concellos)<sup>1</sup></b>	<b>212.091</b>	<b>76,64</b>	<b>11,78%</b>	

<sup>1</sup> A cifra inclúe neste caso, tamén o orzamento asignado ao deporte

<sup>2</sup> O esforzo cultural está baseado no total de orzamentos destinados á Comunidade Autónoma de Galicia

<b>Administración Xeral do Estado en Galicia</b>	8.820	3,19	1,14%
<b>Administración Autonómica</b>	162.133	58,58	1,64%
<b>Administración Local (Deputacións)</b>	29.674	10,72	5,55%
<b>Administración Local (Concellos)</b>	212.091	76,64	11,78%
<b>TOTAL ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>	<b>412.718</b>	<b>149,13</b>	<b>3,17%</b>

**Consideración metodolóxica a ter en conta neste cadro.** O euro cultural está calculado a partir da cifra de habitantes beneficiarios do orzamento. É dicir, nas cidades o euro cultural estableceuse partindo da poboación que constaba no padrón municipal en 2006. No caso das deputacións recorreuse aos datos demográficos de cada provincia para a realización do mencionado cálculo.


Fontes: Ministerio de Economía y Hacienda, Ministerio de Cultura, Ministerio de Administraciones Públicas, Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Cultura, Deputacións provinciais, Consello da Cultura Galega (estudo do sobre as políticas culturais das sete principais cidades galegas)

Cadro 9 Distribución dos orzamentos públicos en cultura segundo sectores

	Ministerio de Cultura	Ministerio - Galicia	Consellería de Cultura	Admón. Local - Deputacións	Admón. Local - 7 concellos	TOTAL
Dirección e servizos xerais	42	--	59,3	0,9	9,8	112,0
Promoción e difusión cultural	174	--	25,5	16,2	14,8	230,5
Patrimonio	196	0,5	21,0	4,6	2,1	224,2
Bibliotecas e prom. do libro	96	7,6	4,5	1,3	4,5	113,9
Arquivos e museos	299	0,5	4,7	3,0	9,3	316,5
Exposicións e artes plásticas	4	--	0,6	0,7	1,9	7,2
Cine e audiovisual	80	--	5,5	0,2	0,4	86,1
Artes escénicas e musicais	137	--	9,3	2,8	10,8	159,9
<b>TOTAL</b>	<b>1.028</b>	<b>8,6</b>	<b>130,4</b>	<b>29,7</b>	<b>53,6</b>	<b>1.250,0</b>

Fontes: Ministerio de Economía y Hacienda, Ministerio de Cultura, Ministerio de Administraciones Públicas, Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Cultura, Deputacións provinciais, Consello da Cultura Galega (estudo do sobre as políticas culturais das sete principais cidades galegas)

Cadro 10 Distribución porcentual dos orzamentos públicos en cultura segundo sectores



Fontes: Ministerio de Economía y Hacienda, Ministerio de Cultura, Ministerio de Administraciones Públicas, Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Cultura, Deputacións provinciais, Consello da Cultura Galega (estudo do sobre as políticas culturais das sete principais cidades galegas)

Se observamos os datos incluídos nos cadros 9 e 10, podemos comprobar como as distintas administracións manteñen certas prioridades na lóxica da asignación dos seus recursos. Por exemplo, o ministerio tende a outorgar prioridade nos seus investimentos en Galicia á creación e mantemento de bibliotecas públicas; as deputacións, pola súa parte, priorizan o capítulo relativo á promoción e difusión cultural e as artes escénicas e musicais. Ao seu carón, a Consellaría de Cultura e os concellos tenden a evidenciar unhas preocupacións máis amplas e diversas, resultando en particular significativo o recoñecemento outorgado pola Consellaría de Cultura ao capítulo de "cine e audiovisual" ao cal asigna unha porcentaxe do 5.5% que representa unha cantidade suñible sobre todo pola súa excepcionalidade respecto das lóxicas de investimento seguidas polas restantes instancias administrativas, concellos incluídos.

## CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, podemos concluir este primeiro achegamento ao ámbito das políticas culturais coma sector significativo para unha comprensión máis completa da dimensión económica e laboral da cultura no limiar do século XXI, afirmando que os datos nos permiten constatar que tanto desde o punto de vista dos obxetivos definidos polas distintas institucións públicas da cultura como en virtude do crecemento transversal e sostido dos recursos aplicados polos orzamentos públicos a este cometido, a tendencia mostra non só un incremento sostido da atención orzamentaria que se lle presta ao sector senón tamén unha expansión e unha ambición crecente dos obxetivos e cometidos culturais, os cales, están xa dun xeito xeralizado a recoñecer e a asumir que o logro de obxetivos culturais xenuinos non resulta nin alleo nin necesariamente independente respecto daqueles outros orientados ao desenvolvemento social, turístico e económico

das distintas colectividade. Non obstante, coidamos suñible o feito de que aínda non se teña traducido nun recoñecemento orzamentario significativo o feito de que as industrias culturais e o sector creativo en xeral constitúen, en ámbitos tales coma o audiovisual, o deseño e a comunicación cultural, entre outros, sectores tan relevantes coma estratéxicos na sociedade que nace co novo século.

## BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

- ARIÑO, A. (Dir.) (2006) *La participación cultural en España*, Madrid, Fundación Autor.
- BASSAND, M. (1986) *Cultural Dynamics in Regional Development*, Consejo de Europa, Estrasburgo.
- (1992) *Cultura y regiones de Europa. A partir del proyecto Cultura y Región del Consejo de Europa*, Barcelona: Oikos-tau/Diputación de Barcelona.
- BIANCHINI, F. y PARKINSON, M. (Eds.) (1993). *Cultural Policy and urban regenerations: The West European experience*, Manchester, Manchester University Press.
- BODIGUEL, Jean Luc (2000) "L'implantation du Ministère de la Culture en région", en Ph. Poirrier y Jean Pierre Rioux (dirs.) *Affaires Culturelles et Territoires*, Paris, La Documentation Française, pp. 21-47.
- BOLTANSKI, L. CHIAPPELLO, E. (1999) *Le nouvel esprit du capitalisme*, Paris, Gallimard.
- BOUZADA, X. (dir.) (1991) *Mapa Cultural de Galicia. A situación sociocultural dos concellos galegos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- BOUZADA, X. (1999) "Cultural Policies in Spain: Origins and Orientations", en *Loisir et Société/Society and Leisure*, pp. 453-485.
- BOUZADA, X. (2005) "El sector público de la cultura: el caso de las políticas culturales de las comunidades autónomas españolas", en J. A. Roche Cárcel, *Cul-*

- tura y Globalización. Entre el conflicto y el diálogo*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- BOUZADA, X. (2005a) "As políticas culturais municipais no sistema de cidades do Eixo Atlántico", en Bouzada, X. (dir.) Capítulo I do Libro Segundo *Políticas Sociais e Cidadanía*, Vigo-Porto, Eixo Atlántico.
- BOUZADA, X. (2007a) "El campo del arte en la génesis de las Políticas culturales. Poder y gobernanza en la gestión pública del arte", en *Política y Sociedad*, vol. 45, nº 2, 2007.
- BOUZADA, X. (2007b) "La Gouvernance de la culture en Espagne", en E. Negrier y LL. Bonet, *La politique culturelle en Espagne*, Paris, Karthala.
- BOUZADA, X.; FERNANDEZ GESTIDO, M. Y VALVERDE, M. (2007) *As políticas culturais nas principais cidades galegas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BURNS, R. y VAN DER WILL, Wilfried (2003) "German Cultural Policy", en *International Journal of Cultural Policy*, vol 9(2), pp.133-152.
- Consejo de Europa (1976) *Hacia una democracia cultural. Conferencia de Ministros Responsables de Asuntos Culturales*. Consejo de Europa, Estrasburgo, Consejo de Europa.
- Communication From the Commission to the Council, the European Parliament, the Economic and Social Committee and the Committee of the Regions "Cohesion Policy and Culture. A contribution to employment", Brussels, 20.11.1996.
- FLORIDA, R. (2002) *The rise of the creative class*, New York, Basic Books.
- FRIEDBERG, E. y URFALINO, Ph. (1984) *Le jeu du catalogue. Les contraintes de l'action culturelle dans les villes*, Paris, La Documentation Française.
- GINER, S. (2002) « Sazón y desazón de la cultura española », en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, nº 100, pp.167-183.
- HOLGUIN, Sandie (2003) *República de ciudadanos. Cultura e identidad nacional en la España republicana*, Barcelona, Crítica.
- LAMO DE ESPINOSA, E. (1996) *Sociedades de Cultura y Sociedades de Ciencia*, Gijón, Nobel.
- LANDRY, Ch. (2000) *The Creative City: A Toolkit for Urban Innovators*, Londres, Earthscan.
- LANDRY, Ch. (2006) *The Art of the City Making*, Londres, Comedia.
- LOPEZ DE AGUILETA, I. (1999) *Cultura y Ciudad*, Oviedo, Trea.
- MARSHALL, T.H. y BOTTOMORE, T. (1998) *Ciudadanía y clase social*, Madrid, Alianza.
- MASCARELL, F. (2005) *La cultura en la era de la incertidumbre. Sociedad, cultura y ciudad*, Barcelona, Roca Editorial.
- NEGRIER, E. (2005) *La question métropolitaine*, Grenoble, Presses Universitaires de Grenoble
- NEGRIER, E. y BONET, LI. (2007) *La politique culturelle en Espagne*, Paris, Karthala.
- POIRRIER, Ph. (1994) "Les politiques culturelles municipales des années soixante à nos jours. Essai de périodisation", *Bulletin des bibliothèques de France*, tome 39, nº 5, 1994, pp. 8-15.
- POIRRIER, Ph. (2000) "Le développement du partenariat entre l'État et les villes 1959-1999", en Ph. Poirrier y J-P Rioux, *Affaires Culturelles et Territoires*, Paris, La Documentation Française, pp. 65-91.
- POSE, H. (2006) *La cultura en las ciudades. Un quehacer cívico-social*, Barcelona, Graó.
- ROCHE, J. A. (2005) *La cultura entre el conflicto y el diálogo*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- STREET, J. (2000) *Política y cultura popular*, Madrid, Alianza.
- THROSBY, David (2001) *Economía y cultura*, Madrid, Cambridge University Press.
- URFALINO, Ph. (1987) "La municipalisation de la culture", en F. Chazel (dir.) *Pratiques culturelles et politiques de la cul-*

ture, Talence, Maison des sciences de l'homme d'Aquitaine, pp. 53-73.

URFALINO, Ph. (1996) *L'invention de la politique culturelle*, Paris, La Documentation Française.

VV.AA. (1982) *La acción sociocultural en los municipios*, Madrid, Popular.

## NOTAS

1 Na elaboración deste artigo contei coa colaboración imprescindible do investigador Miguel Valverde que se encargou da elaboración dos cadros orixinais que se achegan.

2 A quen interese profundar nun maior coñecemento destas tres experiencias fundadoras remitímolo ao noso traballo de recente publicación (Bouzada, 2007a).

3 Recordemos aquí que xa nun traballo pioneiro de Friedberg e Urfalino (1984) acerca das políticas culturais urbanas francesas, estes autores chamaban a atención sobre o feito de que os responsables culturais municipais, fronte á prema de ter que optar por un dos polos dilemáticos, tendían a preferir a solución resorte da adición de iniciativas. Optaban pola apertura do catálogo fronte ao camiño pechado da elección.

4 Burns, R. e Van der Will, Wilfried (2003) "German Cultural Policy" in *International Journal of Cultural Policy*, vol. 9(2), pp.133-152; e Bouzada, X. (2007b) "La Gouvernance de la culture en Espagne", en E. Negrier y LL. Bonet, *La politique culturelle en Espagne*, Paris, Karthala.

5 Communication From the Commission to the Council, the European Parliament, the Economic and Social Committee and the Committee of the Regions "Cohesion Policy and Culture. A contribution to employment", Brussels, 20.11.1996.

6 A consideración de empregos culturais outórgaselles a aqueles que desempeñan labores de bibliotecarios, escritores, xornalistas, artistas ou arquitectos. Considéranse incluídos nesta categoría tamén a todos aqueles que participan no proceso de produción ou de distribución dos produtos culturais sexan estes editores, libeiros, produtores de cine, distribuidores ou exhibidores, etc. Obviamente no que hoxe se considera como emprego cultural resulta determinante polo seu peso relativo o sector dos medios de comunicación e a industria de produtos culturais.

7 O ZKM, situado na cidade alemá de Karlsruhe é un concepto de equipamento novo nacido da combinación entre museos e institutos de investigación. O centro vincula exhibición e produción artística desde unha perspectiva aberta á experimentación cos novos medios e recursos comunicacionais. O seu sistema de financiamento público-privado resulta así mesmo orixinal e novo.

8 Dicimos globalmente porque existe un recoñecemento bastante xeneralizado respecto do feito de que os resultados do Forum das Culturas (2004) non foron en esencia acordes coas expectativas xeradas.